



## CONVOCATORIA DE PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA EN APRENDIZAXE-SERVIZO 2021-2022, orientada ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable

### 1. Definición de Aprendizaxe-Servizo

A Aprendizaxe-Servizo (en adiante ApS) é unha proposta educativa que combina procesos de aprendizaxe e servizo á comunidade nun só proxecto, no cal as persoas participantes se forman traballando sobre necesidades reais da contorna co obxectivo de melloralas (Puig et al, 2011). Trátase dunha actividade que integra o servizo á comunidade e o compromiso comunitario significativo coa aprendizaxe de contidos e a adquisición de competencias a partires da práctica reflexiva. A principal diferenza co voluntariado reside en que os proxectos de ApS dan resposta sempre a resultados de aprendizaxe asociados a unha materia do currículo académico co obxectivo de acadar determinadas competencias propias da titulación na que se enmarca esa materia. A diferenza cunhas prácticas é que debe estar presente un proceso reflexivo xerador de conciencia crítica, que anime ao estudantado á busca dunha sociedade máis xusta.

No contexto dos plans de estudos da Universidade da Coruña (UDC), unha proposta de ApS podería efectuarse no marco das distintas materias de calquera titulación oficial ou título propio así como tamén, no dos TFG, TFM ou Practicum.

Valorarase positivamente que os proxectos contemplan a contribución da UDC para a consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). Estes 17 obxectivos forman parte da Axenda 2030, a través da cal, os membros das Nacións Unidas, se comprometeron con estes principios básicos para afrontar os desafíos globais aos que nos enfrentamos diariamente, como a pobreza, a desigualdade, o clima, a degradación ambiental, a prosperidade, a paz e a xustiza.

O **Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE)** e a **Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) da UDC** abren a convocatoria a todo o profesorado que realice unha actividade de Aprendizaxe e Servizo durante o curso académico 2021/2022.

### 2. Obxecto da convocatoria

O propósito desta convocatoria é recoñecer e incentivar o exercicio e a calidade de iniciativas de innovación educativa que empreguen a metodoloxía de aprendizaxe e servizo para a transformación social, coa transversalización dos ODS, dentro do marco curricular da UDC, durante o curso académico 2021/2022.



Os proxectos estarán obrigatoriamente vinculados ao currículo de materias pertencentes a titulacións oficiais ou a títulos propios da UDC no curso 2021/2022.

Estableceranse tres modalidades:

## **I. Modalidade A: Proxectos novos**

Nesta modalidade presentaranse os proxectos que concorran por primeira vez a este tipo de convocatoria.

## **II. Modalidade B: Proxectos de continuidade**

Presentaranse os proxectos que xa foron certificados en edicións anteriores e que teñan incorporado modificacións ou elementos innovadores na edición deste ano.

## **III. Modalidade C: Proxectos no marco de títulos propios**

Presentaranse os proxectos que desexen obter certificación da súa actividade de Aprendizaxe Servizo, así como tamén aqueles que desexen validar a actividade avaliada internamente por unha comisión propia.

### **3. Requisitos**

Poderá solicitar a avaliación do proxecto de aprendizaxe e servizo o persoal docente e investigador da UDC que teña vinculación no POD coa materia ou materias nas que se desenvolveu o proxecto.

Soamente no caso dos títulos propios poderá solicitar a avaliación do proxecto a persoa que promove a actividade de Aprendizaxe Servizo, sen que exista vinculación co POD.

O proxecto de ApS só se poderá levar a cabo con aquelas entidades coas que exista asinado un convenio de colaboración e o Anexo do convenio correspondente, agás no caso dos proxectos que se desenvolven dentro da propia UDC ou no caso de proxectos de carácter divulgativo que respondan a unha necesidade social de carácter xeneral.

O proxecto de ApS debe estar claramente enmarcado no contexto curricular dunha materia e contribuír ao logro dos obxectivos e/ou competencias que esta teña asociados.

Nos proxectos presentados a esta convocatoria valorarase positivamente a transversalización de un ou varios ODS, tendo en conta as metas establecidas para cada un deles:

1. Fin da pobreza.
2. Fame cero
3. Saúde e benestar
4. Educación de calidade
5. Igualdade de xénero



6. Auga limpa e saneamento
7. Enerxía accesible e non contaminante
8. Traballo decente e crecemento económico
9. Industria, innovación e infraestrutura
10. Reducir as desigualdades
11. Cidades e comunidades sostibles
12. Produción e consumo responsables
13. Acción polo clima
14. Vida submarina
15. Vida de ecosistemas terrestres
16. Paz, xustiza e institucións sólidas
17. Alianzas para lograr os obxectivos

#### 4. Prazos e presentación de solicitudes

As persoas solicitantes deberán presentar a súa solicitude preferentemente, por [registro electrónico](#) dirixida á Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente (CUFIE). O prazo prolongarase desde o día seguinte á publicación desta convocatoria ate o día **2 de setembro de 2022** ás 00:00h.

A documentación a entregar será a seguinte (os modelos de anexos estarán dispoñibles para a súa descarga na web do CUFIE> Sección de [innovación educativa](#)):

- **Para a Modalidade A (proxectos novos):**
  - a) Memoria do proxecto, cumprimentada segundo o documento-modelo que se achega como **Anexo I** a esta convocatoria. A falta deste documento en tempo e forma implicará que o proxecto non pase á fase de valoración.
  - b) Copia do Anexo ao Convenio de Aprendizaxe-Servizo asinado, de ser o caso, coa entidade receptora do servizo.
  - c) Probas gráficas e/ou documentais que xustifiquen a realización efectiva do proxecto.
  - d) Presentación (vídeo, PowerPoint ou similar) breve e gráfica con finalidade divulgativa que resuma os aspectos principais do proxecto e as reflexións e conclusións do/as participantes (opcional a súa presentación por registro, pódese entregar por correo electrónico: [innovacion.cufie@udc.es](mailto:innovacion.cufie@udc.es)).
- **Para a Modalidade B (proxectos de continuidade):**



- a) Memoria do proxecto, cumprimentada segundo o documento-modelo que se achega como **Anexo II** a esta convocatoria. A falta deste documento en tempo e forma implicará que o proxecto non pase á fase de valoración.
- b) Copia do Anexo ao convenio de Aprendizaxe Servizo asinado coa/s entidade/s.
- c) Presentación (vídeo, PowerPoint ou similar) breve e gráfica con finalidade divulgativa que resuma os aspectos principais do proxecto, as novidades engadidas con respecto a anos anteriores e as reflexións e conclusións do/as participantes (opcional a súa presentación por rexistro, pódese entregar por correo electrónico: [innovacion.cufie@udc.es](mailto:innovacion.cufie@udc.es)).

• **Para a Modalidade C (proxectos de títulos propios):**

Os proxectos de títulos propios presentaranse empregando o mesmo procedemento que os da Modalidade A, agás no caso dos proxectos que xa estean valorados e aprobados por unha comisión interna do propio título. Neste último caso, deberán achegar:

- a) Un documento xustificativo desa aprobación
- b) Documento que se achega como **Anexo III**
- c) Unha presentación (vídeo, PowerPoint ou similar) breve e gráfica con finalidade divulgativa que resuma os aspectos principais do proxecto (pode entregarse por correo electrónico: [innovacion.cufie@udc.es](mailto:innovacion.cufie@udc.es) )

A comisión poderá solicitar en calquera momento do procedemento administrativo os documentos orixinais a partires dos cales se xeraron as copias incorporadas á solicitude, co fin de contrastar a súa validez e concordancia.

A presentación da solicitude nun modelo distinto do establecido para a Convocatoria conducirá á exclusión e non avaliación da solicitude.

## 5. Supostos de colaboración

No suposto de que o proxecto fose froito dun traballo conxunto e ligado a varias materias de títulos oficiais da UDC, cada un/unha dos profesores integrantes responsables debe estar asignado ao POD desas materias. Asemade, deberanse detallar na solicitude as aprendizaxes curriculares do alumnado para cada unha das materias que participaron no proxecto, facendo mención expresa na memoria do alcance da contribución persoal de cada docente.

Por outra banda, permitírase solicitar a certificación como persoal colaborador (até un máximo de dúas persoas por proxecto) a calquera persoa, pertencente ou non á comunidade universitaria da UDC, que teña un papel relevante no desenvolvemento do proxecto e así se acredite con evidencias na memoria presentada.

## 6. Procedemento de avaliación



As propostas de resolución e a conseguinte resolución estarán suxeitas aos seguintes criterios de valoración para cada unha das modalidades:

- **Modalidade A (proxectos novos):**

- Aprendizaxe. As aprendizaxes adquiridas están relacionadas co currículo académico do alumnado e xustifícase axeitadamente a contribución do proxecto á adquisición de competencias da materia ou materias nas que se enmarca (20% da puntuación global). Menos dun 15% neste criterio suporá a exclusión do proxecto.
- Repercusión do servizo. Xustifícase axeitadamente que o servizo responde a unha necesidade social ou medioambiental previamente detectada e acordada entre as partes (15% da puntuación global).
- Reflexión. A planificación do proxecto contempla tarefas de reflexión sobre o impacto e a calidade do servizo a realizar, presentando evidencias que demostran os cambios nos coñecementos, actitudes ou habilidades das persoas participantes (10% da puntuación global).
- Implicación do persoal docente. Xustifícase debidamente a implicación de cada un dos PDI participantes, que fan un seguimento continuo co alumnado e coa entidade de todo o proceso e aportan evidencias (10% do global).
- Avaliación do proxecto. Planifícase a avaliación na formulación do proxecto. Recóllense evidencias antes, durante e despois do desenvolvemento do mesmo. (15% do global).
- Orixinalidade e carácter innovador da proposta (10% do global).
- Proxección. Posibilidade de consolidación e continuidade do tempo da proposta, así como de proxección a outras materias e a outras entidades receptoras (10 % do global).
- Transversalización dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible no proxecto (10% da puntuación global).

- **Modalidade B (proxectos de continuidade):**

- Aprendizaxe. As aprendizaxes adquiridas están relacionadas co currículo académico do alumnado e xustifícase axeitadamente a contribución do proxecto á adquisición de competencias da materia ou materias nas que se enmarca (25% da puntuación global). Menos dun 20% neste criterio suporá a exclusión do proxecto.



- Repercusión do servizo. Xustifícase axeitadamente que o servizo responde a unha necesidade social ou medioambiental previamente detectada e acordada entre as partes (25% da puntuación global).
- Melloras, cambios e innovacións respecto do ano anterior (20% da puntuación global)
- Envergadura e impacto do proxecto. Número de entidades participantes, cantidade de estudantes implicados, número de persoas destinatarias do servizo, impacto social e emocional de todos os axentes implicados, duración do proxecto, materias e docentes implicados, etc. (20% da puntuación global)
- Transversalización dos ODS no proxecto (10% da puntuación global)

Os proxectos de continuidade que obteñan un 90% ou máis de puntuación, recibirán unha **Mención de Excelencia** na súa certificación.

- **Modalidade C (proxectos de títulos propios):**

Para os proxectos de títulos propios que se presenten a avaliación desta convocatoria serán de aplicación os mesmos criterios que para os proxectos da Modalidade A.

A puntuación máxima que cada proxecto poderá acadar é de 100 puntos, precisando un mínimo de 50 puntos para obter a certificación.

## 7. Resolución

A comisión encargada da valoración das solicitudes será designada polos directores do CUFIE e a OCV e estará formada por:

- a) Unha persoa representante das entidades receptoras do servizo que teña participado previamente nalgunha experiencia de ApS da UDC.
- b) Tres docentes que teñan participado nalgunha experiencia de ApS da UDC.
- c) Un/unha alumno/a que teña participado nalgunha experiencia de ApS da UDC.
- d) Os directores dos dous servizos implicados (CUFIE e OCV), actuando un deles como presidente.
- e) As tres técnicas dos dous servizos implicados (CUFIE e OCV), actuando unha delas como secretaria.

Nun máximo dun mes desde a fin do prazo de presentación das candidaturas, a Comisión fará pública a correspondente resolución provisional na sede electrónica da UDC. Nela indicarse a identidade da persoa ou das persoas que conseguiron a certificación, o título do proxecto que realizaron, así como tamén o título dos proxectos que non obtiveron o recoñecemento e os motivos polos que este lles foi denegado.



Contra a resolución provisional, as persoas interesadas poderán presentar reclamación no prazo de 10 días contados dende a data da súa publicación. Analizadas as reclamacións, a comisión fará pública a resolución definitiva.

Unha vez publicada a resolución definitiva procederáse á certificación do persoal docente participante, por parte do CUFIE e á certificación do alumnado que a solicite individualmente, por parte da OCV.

Ademais, poderán optar a certificación en calidade de docentes colaboradore/as outras persoas que participen no proxecto (até un máximo de dúas), sempre que súa participación sexa debidamente acreditada no Anexo I e nas evidencias documentais do proxecto.

Contra a resolución definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de alzada perante a Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente no prazo dun mes, a contar a partir do día seguinte ao da publicación da resolución definitiva na sede electrónica da UDC.

## **8. Tratamento de datos de carácter persoal.**

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPD), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a súa concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da UDC, cuxos datos de contacto son: rúa da Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal). A finalidade do tratamento destes datos persoais é valorar e certificar os proxectos desenvolvidos coa metodoloxía de Aprendizaxe e Servizo. Todas as persoas que tiveren acceso a estes datos coa citada finalidade cumprarán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD. Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución correspondente, no taboleiro de anuncios do CUFIE e da OCV e nos seguintes enderezos web: [www.udc.gal/cufie](http://www.udc.gal/cufie); [www.udc.gal/ocv](http://www.udc.gal/ocv); <https://sede.udc.gal/>, na forma prevista na disposición adicional 7.<sup>a</sup> da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada 30 naturais e será responsabilidade do suxeito convocante retirar esa resolución despois de vencer o prazo.

Os datos mencionados trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa finalidade indicada nesta convocatoria, e conservaranse debidamente bloqueados para os efectos da posible esixencia de responsabilidades legais. A persoa interesada consente o tratamento dos



datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, consentimento que terá dereito a retirar en calquera momento, sen efectos retroactivos. Tamén terá dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Igualmente terá dereito a se opor ao citado tratamento, ben como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer, destacadamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais que se pode cubrir na Sede Electrónica da UDC, na sección Outros trámites. Tamén pode remitir unha solicitude ao seguinte enderezo postal: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, ou ao correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal), coa referencia «Protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, a que se lle xuntará a fotocopia do seu documento de identidade. Así mesmo, poderá dirixir esta solicitude directamente ao delegado de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal antes indicado ou ao correo electrónico [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal). Igualmente, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

A Coruña, 2 de decembro de 2021

A Vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente

Nancy Vázquez Veiga





**ANEXO I. MODELO DE MEMORIA PARA PROXECTOS DE APRENDIZAXE E SERVIZO DE NOVA IMPLANTACIÓN**

<b>Título do proxecto</b>	
<b>Resumo do proxecto (Máx 400 palabras)</b>	
<b>Titulación:</b>	
<b>Docente/s responsable/s</b>	
<b>Docente/s colaboradores</b> (Nome, Apelidos, DNI, e-mail)	
<b>Materia/s nas que se desenvolveu o proxecto</b>	
<b>Curso e cuadrimestre:</b>	
<b>Teléfonos de contacto</b>	
<b>Enderezo electrónico</b>	

Documentación adicional que se achega:

- Copia do Anexo ao Convenio de Aprendizaxe-Servizo asinado coa entidade receptora do servizo.
- Evidencias gráficas e/ou documentais que xustifiquen a realización efectiva do proxecto (fotografías, actas de reunións, correos electrónicos,...).
- Presentación/vídeo-resumo do proxecto con finalidade divulgativa. (Opcional por rexistro, obrigada por correo electrónico a [innovacion.cufie@udc.es](mailto:innovacion.cufie@udc.es))



**1. Datos técnicos:**

<b>Nome/s da/s entidade/s receptora/s do servizo:</b>	
<b>Número de estudantes participantes:</b>	
<b>Número de persoas destinatarias estimadas do servizo:</b>	
<b>Necesidade social ou ambiental que atende o proxecto:</b>	
<b>Duración do proxecto:</b>	
<b>ODS aos que contribúe (só numerar)</b>	

**2. Adquisición de competencias, aprendizaxe e sistemas de avaliación:**

2.1. Contribución do proxecto á adquisición das competencias específicas, xerais e transversais asignadas á materia/s nas que se enmarca o proxecto (das que figuran na/s guía/s docente/s da/s materia/s)

<b>Competencias da materia</b>	<b>Contribución do proxecto ao seu logro</b>

2.2. Contribución do proxecto ao logro dos ODS enumerados arriba

2.3. Sistemas de avaliación e seguemento dos coñecementos adquiridos polo alumnado (xeito de avaliación do traballo de ApS realizado polo alumnado)

**3. Datos descritivos do servizo realizado:**

3.1. Descrición do servizo (necesidades sociais e/ou ambientais ás que dá resposta o proxecto):

3.2. Obxectivos e fases de desenvolvemento da experiencia (detallar como foi o proceso de implantación da experiencia, as actividades realizadas para alcanzar os obxectivos e a vinculación destas actividades cos obxectivos da materia):



3.3. Xustificación da participación de cada docente (no caso de seren vario/as)

3.4. Evidencias recollidas e sistema de avaliación do funcionamento do servizo.

#### 4. Resultados da experiencia aprendizaxe-servizo:

*(Aquí débense incluír datos de participación, niveis de satisfacción, reflexións textuais de todos os axentes participantes e demais evidencias recollidas durante o desenvolvemento do proxecto, aspectos a mellorar, etc.)*

#### 5. Proxección do proxecto

*(Especificar aquí se hai intención ou posibilidade de continuidade do proxecto)*

#### 6. Listaxe de evidencias (fotografías, emails, vídeos, recortes de prensa,...)

Evidencia (Nome do arquivo)	Nº



**ANEXO II. MODELO DE MEMORIA PARA PROXECTOS DE APRENDIZAXE E SERVIZO CONSOLIDADOS**

<b>Título do proxecto</b>	
<b>Resumo do proxecto</b> <b>(Máx 400 palabras)</b>	
<b>Titulación</b>	
<b>Docente/s responsable/s</b>	
<b>Docente/s colaboradores</b> (Nome, Apelidos, DNI, e-mail)	
<b>Materias nas que se desenvolveu o proxecto</b>	
<b>Curso e cuadrimestre</b>	
<b>Teléfonos de contacto</b>	
<b>Enderezo electrónico</b>	

Documentación adicional que se achega:

- Evidencias gráficas e/ou documentais que xustifiquen a realización efectiva do proxecto (fotografías, actas de reunións, correos electrónicos, etc.)
- Copia do anexo ao convenio coa/s entidade/s
- Presentación/vídeo-resumo do proxecto con finalidade divulgativa. (Opcional por rexistro, obrigada por correo electrónico a [innovacion.cufie@udc.es](mailto:innovacion.cufie@udc.es))



**1. DATOS TÉCNICOS.**

Nome/s da/s entidade/s receptora/s do servizo	
Número de estudantes participantes:	
Número de persoas destinatarias estimadas do servizo.	
Necesidade social ou ambiental que atende o proxecto	
Duración do proxecto	
ODS aos que contribúe (só numerar)	

**2. MODIFICACIÓNS/INNOVACIÓNS DO PROXECTO CON RESPECTO AO ANO ANTERIOR.**

**3. XUSTIFICACIÓN DA CONTRIBUCIÓN DO PROXECTO Á ADQUISIÓN DAS COMPETENCIAS DA MATERIA:**

**4. XUSTIFICACIÓN DA CONTRIBUCIÓN DO PROXECTO AO LOGRO DOS ODS RELACIONADOS ARRIBA:**

**5. DATOS DESCRIPTIVOS DA EXPERIENCIA:**

Aquí débense incluír os obxectivos do servizo, fases de desenvolvemento, xustificación da participación de cada docente (no caso de proxectos con varío/as docentes) e avaliación da experiencia (*datos de participación, niveis de satisfacción do alumnado, das persoas beneficiarias e das entidades, reflexións textuais dos participantes e demais evidencias recollidas durante o desenvolvemento do proxecto, aspectos a mellorar, etc.*)

**6. LISTAXE DE EVIDENCIAS (Fotografías, emails, vídeos, recortes de prensa,...)**

Evidencia (nome do arquivo)	Nº



## ANEXO III. MODELO PARA PROXECTOS DE TÍTULOS PROPIOS CON COMISIÓN DE VALORACIÓN INTERNA

### 1. Datos técnicos

<b>Título do proxecto</b>	
<b>Titulación:</b>	
<b>Docente/s responsable/s</b> (Nome, Apelidos, DNI e correo-e)	
<b>Docente/s colaboradores</b> (Nome, Apelidos, DNI, correo-e)	
<b>Curso e cuadrimestre:</b>	

Documentación adicional que se achega:

- Ficha resumo do proxecto
- Presentación/vídeo-resumo do proxecto con finalidade divulgativa. (Opcional por rexistro, obrigada por correo electrónico a [innovacion.cufie@udc.es](mailto:innovacion.cufie@udc.es))